



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muíño s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46
50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

*Proceso para a selección como persoal laboral temporal, cun máximo de 6 meses a xornada completa,
dun traballador social convocado polo Concello de Taboada*

- Nome e apelidos:
- D.N.I:
- (FIRMAR EN TODAS AS FOLLAS)

1. A Constitución Española de 1978, no seu artigo primeiro, establece que: O Reino de España é:
 - a) Unha Monarquía Parlamentaria
 - b) Unha República Federal
 - c) unha Monarquía Federal
2. Con respecto as nacionalidades e rexións, A Constitución garante e recoñece:
 - a) A solidariedade e dereito a autonomía.
 - b) A igualdade e solidariedade.
 - c) A igualdade e dereito a autonomía
3. Os Estatutos de Autonomía:
 - a) Serán a norma institucional básica de cada Comunidad Autónoma.
 - b) O Estado, non está obrigado a recoñecelos como norma xurídica.
 - c) Non formarán parte integrante do ordenamento xurídico do Estado.
4. ¿Que competencia ten a Comunidade Autónoma de Galicia no Estatuto de Autonomía sobre os portos de refuxio , portos e aeroportos deportivos?
 - a) Competencia de ejecución.
 - b) Ningunha competencia.
 - c) Competencia exclusiva
5. Cal das seguintes competencias, non é do Alcalde segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Régime Local:
 - a) Dirixir o goberno e a administración municipal.
 - b) Representar o Concello.
 - c) A alteración da calificación xurídica dos bens de dominio público.
6. Contra os actos firmes en vía administrativa, cando concorra algúnhha das circunstancias previstas no artigo 125.1, únicamente procede a interposición de:



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muíñelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46
50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

- a) Recurso extraordinario de revisión.
- b) Recurso de alzada.
- c) Recurso potestativo de reposición

7. As Administracións Públicas poderán impugnar ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo, os actos favorables para os interesados que sexan:

- a) Anulables.
- b) Nulos
- c) Extraordinarios

8. Cal é o prazo para a interposición dun recurso de alzada, se o acto fose expreso:

- a) 1 mes
- b) 3 meses
- c) 6 meses

9. Con independencia da data en que se producira o seu recoñecemento, as contías máximas das libranzas terán en conta o grao recoñecido e serán as seguintes:

- a) Grao III: 487,64 €/mes
- b) Grao II: 368,79 €/mes
- c) Grao I: 153 €/mes.

10. O servizo de teleasistencia avanzada para as persoas en situación de dependencia, considérase axeitado, para as que teñan, entre outras, algunha das características que a continuación se relacionan:

- b) Persoas con necesidades de mellora ou rehabilitación física, cognitiva e/ou funcional.
- c) Persoas que poden incorrer en riscos para a súa saúde fora da contorna domiciliaria.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

11. A determinación da participación no custo do servizo de teleasistencia ata nova instrución, será dun copago de 5€ para os usuarios cunha capacidade económica igual ou superior a:

- a) 100% do IPREM e non terá copago cando sexa inferior o 100% do IPREM.
- b) 100% do IPREM e non terá copago cando sexa inferior o 80% do IPREM.
- c) 80% do IPREM e non terá copago cando sexa inferior o 80% do IMPREM.



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muinelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46
50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

- 12.** **No suposto de tramitación dun expediente de dependencia, por vía de emerxencia social, o órgano de valoración e asesoramento da dependencia, emitirá ditame técnico no cal se proporá a tramitación do expediente pola vía da emerxencia, e determinará a modalidade de intervención máis axeitada ás necesidades de atención da persoa, nun prazo máximo de:**
- a) De 48 horas desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver o expediente.
 - b) De 5 días hábiles desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver o expediente.
 - c) De 2 días hábiles desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver o expediente.
- 13.** **No suposto de tramitación dun expediente de dependencia por vía de emerxencia social, unha vez proporcionado o recurso adecuado, continuarase coa tramitación segundo o procedemento de valoración e recoñecemento da situación de dependencia, e o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do grao de dependencia e de:**
- a) 15 días hábiles desde que a solicitude tivo entrada no rexistro do órgano competente para resolvélo.
 - b) 20 días hábiles desde que a solicitude tivo entrada no rexistro do órgano competente para resolvélo.
 - c) 10 días hábiles desde que a solicitude tivo entrada no rexistro do órgano competente para resolvélo.
- 14.** **Son funcións dos servicios sociais comunitarios básicos:**
- a) O fomento da participación activa da cidadanía mediante estratexias socioeducativas que impulsen a solidariedade ea cooperación social organizada.
 - b) Promover medidas de reinserción no seu ámbito de actuación e levar a cabo medidas de rehabilitación social orientadas a normalizar as condicións de vida das persoas usuarias.
 - c) Prestar colaboración y asesoramento técnico os servicios sociais comunitarios, así como reverter a este nivel os casos nos que non sexa preciso unha intervención especializada.
- 15.** **As fontes de financiación do sistema galego de servizos sociais efectuase mediante:**
- a) Os presupostos xerais da Comunidade Autónoma, entidades locais, prezos públicos correspondentes e calquera outra aportación pública destinada a fins de servizos sociais, de acordo co establecido na normativa que resulte de aplicación.
 - b) Os presupostos xerais da Comunidade Autónoma, entidades locais, prezos públicos correspondentes e calquera outra aportación privada destinada a fines de servizos sociais, de acordo co establecido na normativa que resulte de aplicación.
 - c) Os presupostos xerais da Comunidade Autónoma, entidades locais, prezos públicos correspondentes e calquera outra aportación privada ou pública destinada a fins de servizos sociais, de acordo co establecido na normativa que resulte de aplicación.
- 16.** **A Renda de inclusión social de Galicia (RISGA) é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral. Dentro dos requisitos específicos do tramo de inserción, o diagnóstico de**



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muinelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

empregabilidade, deberá incluír no seu contido, como mínimo, información relativa aos seguintes aspectos:

- a) Estado de saúde compatible coa actividade laboral e nivel de alfabetización básica.
- b) No caso de persoas con residencia cualificada de tipo chabolista, a participación efectiva nun proceso de realoxamento, nos casos en que proceda.
- c) Todas as respuestas anteriores son correctas.

17. A metodoloxía do traballo social, configúrase nunha serie de etapas, fases ou momentos, que constitúen a estrutura básica de procedemento ou Método básico. Ditas fases, son as seguintes:

- a) Estudo, diagnostico, programación, execución e avaliación.
- b) Individual, familiar, grupal, comunitario
- c) Caso, grupo, comunidade.

18. Dentro das técnicas que se utilizan no traballo social, O *Counseling*, defíñese como:

- a) Técnica que trata de orientar á persoa para conquerir o control efectivo sobre o seu comportamento, invitándoa a analizar as diferentes opcións de conduta para estimar cal pode ser a mellor maneira de satisfacer as súas necesidades.
- b) Técnica na que un analista, alí onde se desenvolve a acción sobre a que queremos obter información, recolle de forma sistemática (co apoio dun guión) a conduta dos suxeitos e a somete a unha análise posterior.
- c) O *Counseling*, non é unha técnica utilizada no traballo social.

19. Algúns dos instrumentos utilizados para a praxe do traballo social, son:

- a) A historia social, a ficha social e o informe social.
- b) A historia social, a ficha social e o informe social, a visita domiciliaria e a entrevista.
- c) A historia social, a entrevista, a visita domiciliaria, a observación e os grupos de discusión.

20. O Traballo Social está fundado sobre uns valores indivisibles e universais tal e como se contemplan na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, as institucións democráticas e o Estado de Dereito. Neles baséase a actuación profesional, por medio da aceptación dos seguintes principios:

- a) Dignidade, Igualdade e Liberdade.
- b) Dignidade, Liberdade e Respecto.
- c) Dignidade, Igualdade e Respecto.



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muinelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46
50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

21. **O respecto activo e a aceptación da persoa, son dous principios xerais do traballo social, tamén son principios xerais:**
- a) Superación de categorizacions, Individualización, Personalización e Responsabilidade e corresponsabilidade.
 - b) Colaboración profesional, Integridade, Recoñecemento de dereitos humanos e sociais, Igualdade de oportunidades, de dereitos, de equidade e de participación.
 - c) A resposta a e c son correctas.
22. **De conformidade co estipulado no artigo 52 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, os servizos sociais comunitarios financiaranse por medio:**
- a) Dos créditos consignados nos orzamentos das entidades locais titulares dos servizos, das achegas realizadas polas deputacións provinciais e das achegas realizadas pola Xunta de Galicia.
 - b) Dos créditos consignados nos orzamentos das entidades locais titulares dos servizos, das achegas realizadas polas deputacións provinciais, das achegas realizadas pola Xunta de Galicia, dos recursos financeiros xerados polos ingresos en concepto de copagamento dos servizos que realicen as persoas usuarias e calquera outra achega pública ou privada destinada a ese fin.
 - c) Dos créditos consignados nos orzamentos das entidades locais titulares dos servizos, das achegas realizadas polas deputacións provinciais, das achegas realizadas pola Xunta de Galicia, dos recursos financeiros xerados polos ingresos en concepto de copagamento dos servizos que realicen as persoas usuarias e calquera outra achega pública destinada a ese fin.
23. **Os concellos deben realizar, en función do seu número de habitantes, unha achega económica mínima sobre o total do orzamento do seu Proxecto Anual de Servizos Sociais Comunitarios Municipais (PASSCM), dita achega correspondece cos seguintes porcentaxes:**
- a) Concellos de menos de 20.000 habitantes: o 20% do orzamento.
 - b) Concellos de 20.000 a 59.999 habitantes: o 33% do orzamento.
 - c) Concellos de 60.000 ou máis habitantes: o 38% do orzamento.
24. **O pasado 20 de xaneiro do 2023 foi o primeiro día operativo da aplicación informática para a xustificación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais (PASSCM) do ano 2022 e para a posterior presentación do PASSCM 2023. O prazo de finalización da mesma remata:**
- a) O 31 de marzo do 2023, pudiendo ser ampliado ata dous meses como máximo.
 - b) O 31 de marzo do 2023, non sendo ampliable, xa que require modificación expresa do Decreto 99/2012.
 - c) O 1 de abril de 2023, non sendo ampliable, xa que require modificación expresa do Decreto 99/2012.



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muinelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46
50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

25. Segundo a LEI 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a persoas en situación de dependencia. O prazo máximo de resolución de grao de dependencia e de:

- a) Tres meses dende a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a instrución e resolución do expediente e no caso dos menores de 3 anos, 20 días hábiles desde a entrada sa solicitude no rexistro.
- b) Seis meses dende a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a instrución e resolución do expediente e no caso dos menores de 3 anos, 20 días hábiles desde a entrada sa solicitude no rexistro.
- c) Tres meses dende a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a instrución e resolución do expediente e no caso dos menores de 5 anos, 30 días hábiles desde a entrada sa solicitude no rexistro.

26. Dentro da resolución do grao de dependencia, dita solicitude entenderase como desestimada:

- a) Unha vez transcorridos tres meses desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación sen que recaia resolución expresa.
- b) Unha vez transcorridos seis meses desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación sen que recaia resolución expresa.
- c) Unha vez transcorridos doce meses desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación sen que recaia resolución expresa.

27. Cando pode ser revisado o programa individual de atención:

- a) De oficio, na forma na que determine e coa periodicidade que prevea a normativa das Comunidades Autónomas; a instancia do interesado e dos seus representantes legais ou con motivo de cambio de residencia a outra Comunidade Autónoma.
- b) De oficio, na forma na que determine e coa periodicidade que prevea a normativa das Comunidades Autónomas; a instancia do interesado e dos seus representantes legais ou con motivo de cambio de residencia a outro Concello.
- c) Todas son correctas.

28. As axudas de inclusión social son:

- a) Prestacións económicas periódicas destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes
- b) Prestacións económicas non periódicas
- c) Rendas de integración social.



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muinelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46
50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

- 29. As axudas de inclusión social Destinadas ao equipamento mobiliario básico da vivenda:**
- a) Son compatibles coa percepción da Risga
 - b) Teñen carácter subsidiario con respecto a calquera outra axuda ou prestación pública destinada á mesma finalidade.
 - c) As respostas a e b, son correctas.
- 30. Están suxeitos o Segredo Profesional:**
- a) Os profesionais que traballan en equipo co profesional de traballo social e que teñen coñecemento de calquera información
 - b) O alumnado de Traballo social en prácticas e voluntariado
 - c) A resposta a e b, son correctas.

PREGUNTAS RESERVA

- 1. Segundo a Lei 13/2008 do 3 de Decembro de Servizos Sociais de Galicia, o sistema galego de servicios sociais, réxese (entre outros), por un principio no que o desenrollo dos servicios sociais, deberá tender o mantemento da persoa no seu entorno persoal, social e familiar, procurando a súa inserción social sen menoscabo do dereito a diferencia. ¿ Que principio é este?**
- a) Descentralización e proximidade
 - b) Integración e normalización
 - c) Acción integral e normalizada
- 2. Non son funcións dos servicios sociais comunitarios básicos:**
- a) Estudio e diagnóstico social da comunidade, que implica a detección e análise de necesidades e demandas.
 - b) A elaboración de un plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas o anticipadas no diagnóstico social.
 - c) A atención directa a colectivos con déficits de autonomía o en risco de exclusión que se leva a cabo a través de programas en medio abierto, en centros de carácter non residencial ou de carácter residencial temporal.
- 3. Dentro das axudas de inclusión social, as axudas vinculadas ao uso da vivenda:**
- a) Excepcionalmente, cando no informe social se poña de manifesto a existencia dunha situación sobrevida de crise financeira da unidade familiar que imposibilite o pagamento da hipoteca, poderanse aboar ata un máximo de tres cotas hipotecarias mensuais, sempre que a concesión desta axuda evite o desafiuamento.



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muinelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46
50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

- b) Procede a concesión destas axudas no suposto de vivendas en propiedade, así como nas cedidas cando se xustifique a autorización para a permanencia nelas e en ningún caso se concederán para a mellora da habitabilidade de chabolas ou infravivendas.
 - c) Destinadas á adquisición de mobiliario e electrodomésticos básicos da vivenda, sempre que non sexa unha chabola ou infravivenda, cando non existan nela.
4. **Despois das primeiras entrevistas ás persoas en situación de dependencia e, se é ao caso, ás persoas coidadoras, así como as visitas ao fogar necesarias e outras ferramentas de intervención social, o/a traballador/a social de referencia identificará aqueles aspectos do caso que requiran dunha especial atención e seguimento, así como a periodicidade con que se establecerán as distintas accións. Como mínimo, realizarase:**
- a) Unha visita anual de seguimento no fogar, aínda que durante o primeiro ano será preceptiva unha visita semestral. Nas situacións especiais pode establecerse unha maior frecuencia de visitas
 - b) Unha visita semestral de seguimento no fogar, aínda que durante o primeiro ano será preceptiva unha visita cada dous meses. Nas situacións especiais pode establecerse unha maior frecuencia de visitas.
 - c) Unha visita anual de seguimento no fogar, aínda que durante o primeiro ano será preceptiva unha visita cada dous meses. Nas situacións especiais pode establecerse unha maior frecuencia de visitas.
5. **As persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios, entre outros, teñen os seguintes deberes:**
- a) Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
 - b) Participar no pagamento dos servizos segundo o que poidan aportar en cada caso particular.
 - c) A comunicar con quince días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.